



O PSdeG de Lugo pon en marcha os grupos de traballo cos militantes desde as agrupacións locais

A militancia ten á súa disposición o documento inicial coas principais aportacións e ideas do encontro *Partido Aberto, Goberno Aberto*, que xa foi entregado aos coordinadores do partido nas sete comarcas da provincia, e ábrese o prazo para apuntarse aos grupos de debate

O PSdeG-PSOE de Lugo segue a traballar para a construción do partido e o cambio coa participación dos militantes. Menos dun mes despois do primeiro encontro coa militancia na provincia *Partido Aberto, Goberno Aberto*, celebrado na Facultade de Veterinaria cun milleiro de asistentes, os socialistas lucenses poñen en marcha os grupos de traballo desde as agrupacións locais, tal e como comprometeu o seu secretario xeral, José Ramón Gómez Besteiro. Así, o secretario de Organización, Carlos González Santín, reuniuse onte á noite cos coordinadores das sete comarcas da provincia para entregarlles o documento que resume as principais aportacións e ideas dos militantes no encontro do 15 de decembro.

Este documento estará a disposición dos militantes en todas as agrupacións locais da provincia a partir deste luns a través dos seus secretarios xerais, e debe servir como base e referencia inicial para os grupos de traballo. Os militantes teñen toda a semana para apuntarse a estes grupos, nos que debatirán sobre diferentes temáticas coa fin de elaborar un documento final que recolla a posición dos socialistas de Lugo. As ideas abranse tamén a toda a sociedade a través de reunións sectoriais.

O obxectivo é que o traballo realizado en Lugo desde a militancia sexa trasladado posteriormente ao Congreso Nacional en Galicia e ás conferencias políticas a nivel federal. Por iso, coa fin de asegurar a maior coordinación posible, os grupos de traballo estarán englobados nas seis temáticas propostas desde a dirección do partido, que se refiren ao modelo económico, modelo social, modelo de Estado, calidade democrática e participación cidadá, modelo de Europa e modelo de partido.

Fotografías adxuntas: O secretario de Organización do PSdeG en Lugo, Carlos González Santín, entrega o documento coas ideas dos militantes aos coordinadores comarcais do partido. De esquerda a dereita: Juan José Díaz Valiño (Terra Chá), Manuel López Vázquez (Sarria), José Ramón Val (A Mariña), Pilar García Porto (Suroeste), Fe Álvarez (A Montaña), Álvaro Santos (Lugo) e Roberto Castro (Lemos)

Lugo, 12 de xaneiro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas
Directora de Comunicación
628 179 013